



gosto de Luís Pimentel

che ler un poema

Rota biográfica*

Luís Pimentel** nace en 1895 en Lugo, vila onde moraría a maior parte da súa vida e de onde só se afastaría na súa época de estudante. Finaliza o Bacharelato en 1914 e establécese en Santiago para cursar Medicina na universidade compostelana. Nesta altura asina os seus primeiros versos, redixidos en español, aínda que —segundo o seu propio testemuño— tiña comezado a escribir en lingua galega. Compuxera Pimentel, con apenas catorce anos, un libro de poemas na nosa lingua inspirado polas lecturas rosalianas, que deixarían unha forte marca na obra do autor lugués.

Unha vez licenciado (en 1922), transládase a Madrid para realizar o doutoramento. Durante a súa estancia na capital española vai participar do ambiente cultural da cidade, sobre todo por medio do convivio, na Residencia de Estudiantes, coas máis destacadas figuras da xeración do 27 (Lorca, Buñuel, Dalí).

De volta a Lugo levará unha vida tranquila, só alterada polos seus frecuentes ataques de angustia. Vai exercer como médico no Hospital Municipal, mais manterá a vinculación co mundo artístico e literario asistindo ás tertulias de Ánxel Fole e Celestino Fernández de la Vega. Axiña se acrecentará o seu interese pola poesía, influído por Evaristo Correa Calderón, director e principal promotor da revista *Ronsel*. Correa vaino pór en contacto coa obra dos grandes poetas (Bécquer, Rubén Darío, Dámaso Alonso, Guillén, Juan Ramón, Francis James, Rilke, Antonio Machado, Unamuno..), de grande pegada na poética pimenteliana, e facilítalle a publicación en *Ronsel*. Nesa época inicia a súa amizade co musicólogo Bal e Gay, autor de *Hacia el ballet gallego*, que estimula especialmente a curiosidade de Pimentel pola música e as danzas populares. Inclinado ás artes no xeral, o noso autor realizou algúns bocetos escénicos para ballet e mesmo varios apontamentos dramáticos —nalgunha ocasión manifestou que tería gostado de escribir teatro—.

O especial proceso de elaboración literaria de Pimentel ten provocado vivas discusións á volta da súa consideración como escritor das nosas letras. A pesar de ter redixido a maior parte dos seus versos orixinariamente en español —amigos como Ramón Piñeiro ou Fole se encargaban de verquer ao galego, baixo a supervisión de Pimentel, os seus poemas—, sempre manifestou boa disposición perante a tradución

ao noso idioma da súa obra, entrando a formar parte da literatura galega con pleno dereito.

A súa produción lírica —que, a pesar de contar con certas pegadas avangardistas, non se pode adscribir a ningún "ismo"—, só coñece a publicación tras a guerra. Pimentel nunca mostrou grande interese por ver en letra impresa as súas composicións. Así, para alén dos versos aparecidos en *Ronsel*, dá á luz algúns poemas en diversas revistas da altura (*La Gaceta Literaria*, *Resol*, *Yunque*, *Vanguardia Gallega*, *Galiza*, a revista portuguesa *Descobrimento*). Só en 1950 —vinte anos despois da morte de Manuel Antonio e Amado Carballo, os poetas máis representativos da súa xeración—, Pimentel reunirá oito dos seus poemas nun folleto —prologado por Fole— que titula *Triscos* e se abre co poema "*Nai de Galicia*", dedicado a Rosalía.

O resto da súa obra apareceu postumamente. En 1959, un ano despois do falecemento de Pimentel, editase *Sombra do aire na herba* —considerada a súa obra cume—, onde Celestino Fernández de la Vega prologa e compila a maior parte dos textos en galego do poeta lugués. A seguir, en 1960, xorde *Barco sin luces*, versión en español dun poemario galego que tiña de ser publicado por Nós, mais que se perdera a consecuencia do asalto á editorial galeguista durante o conflito bélico. Anos máis tarde, xa en 1981, sae a súa produción inédita ou non compilada anteriormente en *Poesía enteira* —onde encontramos o poema galego "Cunetas" que reflicte o horror e a crueldade da guerra, moi presente nas composicións do autor—.

Caracteriza a poética pimenteliana —afastada do esteticismo deshumanizante imperante no momento— a recreación dun clima de intimidade e recollemento a través da reflexión melancólica e, por veces, angustiada. Estilisticamente, sobresaen os seus versos a sinxeleza na construción, a precisión expresiva e os valores eufónicos e sensitivos. Prescinde Pimentel da estrutura estrófica e da rima —o que confere ás composicións un ton de prosa poética plena de sensibilidade e ecos musicais— e xustapón, por medio dunha linguaxe coloquial e con fórmulas próximas ao impresionismo, unha serie de imaxes aparentemente inconexas.

Creador orixinal e controvertido, Pimentel falece no seu lugar natal en 1958. Nese mesmo ano o grupo Brais Pinto realiza no Centro Galego de Madrid un acto de lembranza en honor do poeta e, dous anos máis tarde, organiza na mesma institución unha sentida homenaxe. Dedícase ao escritor lugués o Día das Letras de 1990.

*Información tirada da Biblioteca Virtual Galega

http://bvvg.udc.es/ficha_autor.jsp?id=LuiV%E1zqu&alias=Lu%EDs+Pimentel&solapa=biografia

** Luis Benigno Vázquez Fernández, coñecido como Pimentel, que era o segundo apelido do avó materno.

Sobre a poesía pimenteliana, achegamos o enlace con artigos de:

- Ricardo Carvalho Calero: "Originales inéditos en castellano de poemas de Luis Pimentel publicados en gallego" e "Sobre la poesía de Luis Pimentel", dispoñibles en:
<http://www.cervantesvirtual.com/buscador/?q=carballo+calero>
- David Díaz Díaz: "A sombra da Guerra Civil na poesía de Luís Pimentel", dispoñible en:
<http://www.usc.es/revistas/index.php/moenia/article/view/2093/2583>
- María Xesús Nogueira Pereira:
http://territorio.aelg.org/Resources/pimentel_xunto.pdf;jsessionid=7C384F6A1B10A56370A3083E7384FDE4

Versión de "Cunetas" musicada por A Quenlla en: <https://www.youtube.com/watch?v=YDy0Z2KGdJ0>



Autorretrato

MAÑÁ DA MIÑA RÚA

Entrou a mañá no meu pobo
tan limpa, tan redonda e pura
como unha mazá
sobre un espello.

Hoxe, a miña rúa está aberta.

¿Xogan os anxos
nas cornisas das casas?

Ela foi a primeira que pasou
cos seus ledos cadrís:
dous cachos de luz combados abalábanse
sobre un negro tenro.
As ventás, despertadas,
ollábana caladas, ditosas.

Dúas raparigas loiras páranse,
unha no sol, outra na sombra.
Ouro tenro dos seus brazos,
prata donda dos seus ombros.
Agora, un obreiro pasa
cun espello enriba da súa cabeza.
Il non sabe que se vai levando
o ceo e unhas nubes brancas.

Alónxase, alónxase...
E pola pulida prata
esbaran a luz e a sombra.
Torbeliño brillante, veloz...
un neno en bicicleta.

A rúa remata lonxe,
coma se fose ó mar.
O neno pérdese.

Sombra do aire na herba (1959)

CUNETAS

¡Outra vez, outra vez o terror!
Un día e outro día,
sen campás, sen protesta.
Galicia ametrallada nas cunetas
dos seus camiños.
Chéganos outro berro.
Señor, ¿qué fixemos?
-Non fales en voz alta-.
¿Hasta cando durará iste gran enterro?
-Non chores que poden escoitarte.
Hoxe non choran máis que os que aman a Galicia-.
¡Os milleiros de horas, de séculos,
que fixeron falla
para faguer un home!
Teñen que se encher aínda
as cunetas
con sangue de mestres o de obreiros.
Lama, sangue e bágoas nos sulcos
son semente.

.....
Docemente chove.
Enviso, arrodeáame unha eterna noite.
Xa non teréi palabras pra os meus versos.
Desvelado, pola mañán cedo
baixo por un camiño.
Nos pazos onde se trama o crimen
ondean bandeiras pingando anilina.
Hai un aire de pombas mortas.
Tremo outra vez de medo.
Señor, isto é o home.
Todas as portas están pechadas.
Con ninguén podes trocar teu sorriso.
Nos arrabás,
bandeiras batidas i esfarrapadas.
Deixa atrás a vila.
Ti sabes que todos os días
hai un home morto na cuneta,
que ninguén coñece aínda.
Unha muller sobre o cadáver do seu home
chora.
Chove.
¡Negra sombra, negra sombra!
Eu ben sei que hai un misterio na nosa terra,
máis alá da néboa,
máis alá do mar,
máis alá da chuvia,
máis alá do bosque.

Lugo, marzo, 1937



De

Sombra do aire na herba (1959)

FORASTEIRO

Pra o poeta e amigo Carballo Calero

"Cánto terror
levamos os homes".

Só estás, nista cidade
coa que non tes soñado endexamais.

Relembras os teus sinos,
cuios sons
fuxiron xa dos teus ouvidos.

Paseias lentamente
e con ninguén podes
trocar o teu sorriso.

Ollas pra ise edificio
sen nais nas fiestras.

Tes medo ós arrabás.

Ti sabes que alí as bandeiras
están abatidas l esfarrapadas.

Cofeques que existe
unha hora solitaria
coroada por un silencio de morte.

Ti sabes que todos os días
hai un home morto
que ninguén coñece aínda,

en cuia ollada derradeira
ficou
unha praza baleira
descoñecida pra il.

XOGO RUÍN

Aquil neno
pincháballo os ollos
ós paxaros;
e gustáballo ver saír
esa gotiña
de ar e de lus,
ise rocío limpo
de mañanciñas frescas

Logo botábaos
a voar
e reíase de velos
toupas contra o valado
da súa casa,
con un ruído
moi triste.

Creceu e foi de aqueles.

SOLPORES DA MIÑA VILA

Solpores da miña vila,
longos, case eternos.
(Os anos pasan rápidos;
os días lentos).
A luz esbara
polo meu piano lustroso.
¿Que música lle poñeremos?
As maos soñan.
Solpor de prata
sobor do ébano.
Penso nos poetas mortos.
Calma, calma...

Tarde inmóbil, eterna.
Quédase dulcemente
¿en que soedade, lonxe?
Ceo, ceo, máis ben luz.
Equilibrio diste gris
tan tenro.
Non, non hai paisaxe
nin carne nin sangue.

Solpores da miña vila,
longos, lentos, música.
As maos, soñan.

Gosto de che ler un poema

Actividade guiada por Ricardo Seixo e desenvolta na Asociación Veciñal da Agra do Orzán un xoves do mes a partir das 20 h. para gozarmos coa lectura compartida da poesía galega. Colabora a Asociación de Escritoras/es en Lingua Galega: introdución á poesía de Luís Pimentel por Xulio López Valcárcel.

Asociación Veciñal da Agra do Orzán AGRA

Rúa Entrepenas 38, Soto. 15010 A Coruña

Teléfono e fax: 981261044

Correo-e: avagradioorzan_agra@hotmail.com

Facebook: [asociacion.agradioorzan](https://www.facebook.com/asociacion.agradioorzan)